

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE
VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de outubro de 2021, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.066,90 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190094 (OBRAS DE MELLORA TÚNEL DE BEIRAMAR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2021

1.498.480,69 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/11/2021 12:19 Páxina 1 de 3

Expediente 904/441

CSV: 228BAE-37A6AF-E32E8B-1SXJJT-LC1X65-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 30 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA)	89,09
2	UTE SIELVIGO - ALUVISA	87,45
3	GRUPO RENDER INDUSTRIAL, S.L.	81,08
4	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S. A.	78,46
5	SEGADE SAELCO, S.A.	76,70
6	CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.	72,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), o día 1 de outubro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de outubro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/11/2021 12:19

Páxina 2 de 3

Expediente 904/441

CSV: 228BAE-37A6AF-E32E8B-1SXJJT-LC1X65-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO DE
VIGO



adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a UTE IMESAPI, S.A. - EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. (ESYCSA) (A-28010478 e A-15.032.725, respectivamente) o procedemento aberto e tramitación ordinaria, das obras do proxecto de “mellora das instalación do túnel de Beiramar” (904-441) por un prezo total de 1.238.524,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 214.950,51 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

